



DOSSIER PROMOCIÓN LECTORA



INFO@TOTEMGESTION.COM

OBRADOIROS

Ao longo da nosa vida, as historias, sexan orais ou escritas acompañannos gardando un recordo en nós que perdura no tempo e que nos fai ser quen somos.

Con estes obradoiros poderemos facer unha homenaxe a todas elas, fomentando a nosa imaxinación e creatividade.



OBRADOIRO DE MARCAPÁXINAS

Os nenos e nenas poderán realizar este obradoiro no que, coas pautas dun monitor ou monitora poderán personalizar o seu marcapáxinas de distintas formas: terroríficas, con técnicas scrap..., empregando materiais como papeis de distintas cores e outros elementos decorativos.

OBRADOIRO DE RAMAS LITERARIAS

Con este obradoiro daremos a oportunidade á cativada de reflexionar sobre aquela historia ou historias que son importantes na súa vida literaria. Facendo unha metáfora empregando a figura das árbores, personalizaremos o seu tronco e as súas ramas con elementos escritos ou decorativos relacionados con ditas historias: E ti, como as representarías? Con palabras, debuxos...?





OBRADOIRO DE MURMURADORES DE POESÍA

Durante este obradoiro, os nenos e nenas poderán sacar o seu *eu* máis poético creando murmuradores en base a unha acción artística. A cativada creará a súa propia peza poética e elaborará con material de refugallo o murmurador.

OBRADOIRO DE ATRAPA HISTORIAS

Durante o desenvolvemento deste obradoiro, coa guía dun monitor ou monitora, os nenos e nenas pensarán naquelas historias que queren atrapar para sempre e materializarán este pensamento nun atrapa historias feito con material accesible e de decoración, introducindo nel, aspectos característicos das historias: título, debuxos de personaxes...




OBRADOIRO DE PEGADAS LITERARIAS

Seguindo a liña de que as historias marcan a nosa vida, este obradoiro está destinado a aqueles nenos e nenas que queiran representar a través de pegadas as historias da súa vida.

Coa guía dun monitor ou monitora estamparemos a pegada da nosa man e logo, ao redor dela, pequenas pegadas dos nosos dedos nos que introduciremos palabras significativas sobre ditas historias.



OBRADOIRO DE CAIXAS CREA HISTORIAS



Para os nenos e nenas con máis imaxinario, ofrecemos este obradoiro no que farán unha caixa de historias de maneira que, coa axuda dun monitor ou monitora, escribiremos nuns paus de madeira algúns aspectos que aparecen nelas: personaxes, escenarios, emocións... Despois, personalizaremos unha caixa para poder ir sacando del aspectos aleatorios cos que poder crear unha historia maravillosa.

OBRADOIRO DE PASAPORTES LITERARIOS

Outra maneira de facer un seguimento de todas aquelas historias que nos acompañan é crear un pasaporte. Os nenos e nenas poderán rexistrar aqueles contos que van lendo ou lles van contando.

Atrévete a crear o teu propio selo?



OBRADOIRO DE MONICREQUES

As historias pódense contar de forma oral, escrita e tamén: teatral! Por iso, neste obradoiro, os nenos e nenas coa guía dun monitor ou monitora terán a posibilidade de adaptar unha historia que coñezan a teatro. Personalizarán o escenario con elementos decorativos e crearán as personaxes a través de monicreques.

E ti, cal escollerías?

TALLER DE EDICIÓN DE NUESTRO PROPIO LIBRO



Basándonos en la técnica *scrapbooking*, con este taller los niños y niñas podrán imaginar cómo sería su propio libro si tuviesen la oportunidad de editarlo utilizando de base material reutilizado como cartón para ir dando forma a su portada y contraportada. Añadiendo pestañas, notas, hojas con diversidad de texturas, estampados... ¡Una gran variedad de oportunidades de dejar volar la imaginación y la creatividad!

OBRADOIRO DE ILUSTRACIÓN

Unha parte imprescindible nas historias é a forma na que as podemos imaxinar e representar. O papel do ilustrador ou ilustradora neste caso é esencial. Por iso, neste obradoiro adicado a participantes con idades comprendidas entre os 11 e os 16 anos, un ilustrador con ampla experiencia achegará aos nenos e nenas ao comic, dando ferramentas para crear a súa propia tira de cómic.



OBRADOIRO DE POSTAIS DE RECOMENDACIÓNS LITERARIAS



O obradoiro de postais literarias ofrecerá aos máis pequenos e pequenas a posibilidade de realizar recomendacións literarias a familiares, amigos...

Para iso, elaborarán unha postal con técnicas de scrap, unha técnica decorativa na que o papel se emprega como elemento para crear figurinas, elementos decorativos...

Unha vez personalizada coa guía dun monitor ou monitora, a cativada poderá introducir na postal a recomendación dalgún conto favorito.

ESPECTÁCULOS PROPIOS

BLACK: SOUL E LITERATURA

Crazas ao espectáculo de BLACK, proxecto musical coruñés, podemos achegarnos a grandes éxitos da música negra.

Dende o 2016, o grupo comezou a xirar co espectáculo didáctico *Soul e Literatura*, o cal está deseñado para público adolescente e adulto coa intención de poñer en valor a cultura negra, así como a relación entre a arte musical e literaria empregando un repertorio musical coidado, interpretado en directo que intercalan con lecturas de anacos de libros nos que está presente a Música.



MARCELINA NA COCIÑA

Este espectáculo consiste na contada teatralizada do conto *Marcelina na cociña* e da realización dun obradoiro de cociña destinado a nenos e nenas de entre 5 e 9 anos.

A xirafa Marcelina, que non sabe de cociña, quere facer unha gran cea que lle guste á súa sobriña.

Non podedes imaxinar a cea que se vai armar!



LA CALIDAD NOS PREOCUPA MUCHO Y POR ESO...



CONTACTA CON NOSOTROS

info@totemgestion.com

www.totemgestion.com